# Andaina

MOECHE CONCELLO

Boletín periódico informativo

Nº; 16 xullo-agos/18 www.concellodemoeche.com

Concello de Moeche. Rúa da Feira 32. San Xoán 15563 Moeche. A Coruña • Telf: 981 404 006 • correo@moeche.es


Cultura, Deportes e Turismo

## Os Quinquilláns ábrennos a porta do castelo todos os venres de xullo e agosto

Como sería vivir no castelo de Moeche aló polo séculoXV?. A fortaleza mantense case igual que na época do seu maior esplendor -e tamén a máis convulsa-, pero pouco podemos imaxinar do xeito de vida de quen moraron nela… das maquinacións e sucesos que ocorreron entre os seus muros. O castelo pervive e as pedras testemuñan sen falar a apresurada fuxida en 1431 do seu señor, Nuno Freire de Andrade "O Mao", e tamén dán conta da grande Guerra Irmandiña do 1467.

Tras esta segunda revolta civil contra a opresión só quedan na fortaleza dous cómicos -Tero Rodríguez e Lucho Penabade- que agora fan de anfitrións para o pobo nun castelo completamente baleiro. Esta é, en esencia, a sinopse de "A porta aberta do Castelo de Moeche", unha visita teatralizada polo recinto da man da compañía Os Quinquilláns que se desenvolverá **todos os venres desde o 6 de xullo ata o 31 de agosto -ambos incluídos- a partir das 21.00h.**

O pasado medieval revívese nun paseo privilexiado polas principais estancias da fortaleza. Os Quinquilláns, metidos en personaxes daquela época, contarannos historias reais alí acontecidas e outras fantásticas alí imaxinadas. Historias de nobres e vasalos, de loitas, de misterios e episodios dos tempos "d'algún día"… unha aventura, en definitiva, que nos traslada directamente ao século XV.

As entradas teñen un **prezo de 3€** e haberá que reservalas previamente chamando ao 981 404 006 ext.2. A rapazada menor de 16 anos, as persoas maiores de 65 e as posuidoras do Carné Xove só pagarán 1,50€.

Esta proposta, para redescubrir outro xeito o noso castelo, e financiada pola Deputación da Coruña a través da Rede Cultural.

**Data:** todos os venres de xullo e agosto - **Hora:** 21.00h - **Lugar:** castelo de Moeche

**Prezo:** 3€ entrada xeral e 50% de bonificación para menores de 16 anos, maiores de 65 e titulares do Carné Xove

## Noite de cine ao aire libre: "Gru 3: Mi villano favorito"

Sempre é un pracer poder ver unha película en pantalla grande. E se é ao aire libre, o pracer é dobre. Por iso este verán volvemos programar unha proxección nocturna na área recreativa de Soutogrande. A película elixida é "Gru 3: Mi villano favorito", terceira entrega da serie protagonizada por este "malvado" de grande corazón e os seus inseparables minions.

Nesta nova aventura, Gru enfrontarase ao seu pasado e ao supervilán Bratt, ademais de coñecer ao seu propio irmán xemelgo, Dru. As peripecias sucédense nun filme que gustará a cativería e xente maior, gracias en parte á fantástica escolma de cancións dos 80 da súa banda sonora. O pase forma parte da Rede Cultural da Deputación da Coruña.

**Data:** sábado 14 de xullo - **Hora:** 21.45h. - **Lugar:** área recreativa de Soutogrande - **Prezo:** entrada gratuíta

# Veña... todo o mundo bailar na punta do pé con Pesdelán!

Pesdelán é unha experiencia musical dirixida a público familiar na que se xuntan a aprendizaxe de bailes e xogos con melodías tradicionais de Galicia e do mundo lusófono. O grupo naceu en 2008 e desde aquela teima en substituír o concepto de público-espectador polo de público-participante, propoñendo para iso un espectáculo divertido que recupera o espírito das festas de toda a vida.

Levan publicados dous deuvedés -"Na punta do pé" e "Entroidanzas"- que teñen a súa correspondencia con obradoiros ao vivo coma o que chegará a Moeche o último sábado de xullo. Nese caso trátase de "A bailar con Pesdelán mini".

**Data:** sábado 28 de xullo - **Hora:** 20.00h. - **Lugar:** área recreativa de Soutogrande - **Prezo:** entrada gratuíta

# Andaina polas terras de Moeche: San Xoán

Seguimos descubrindo toda a riqueza natural e cultural do noso concello dando un paseo, neste caso, pola parroquia de San Xoán. Sairemos do adro da igrexa parroquial para facer un itinerario circular duns 8 Km. de percorrido apto para calquera idade, xa que ten unha dificultade media-baixa.

É recomendable traer chaleco reflector, calzado cómodo que protexa os nocellos e que non sexa de estrea, algo de beber e, se se quere, froita ou unha barriña enerxética para repoñer forzas durante o camiño.

Actividade gratuíta, pero con inscrición previa no tlf; **981 404 006** ou mandando un correo a **daniel.feijoo@moeche.gal**

**Data:** sábado 28 de xullo - **Hora:** 10.00 a 13.00h., aproximadamente - **Lugar:** saída e chegada na igrexa de San Xoán

# Aínda podes apuntarte nas escolas deportivas de verán

Xa vos adiantamos no anterior boletín Andaina que o Concello reedita durante o verán varias escolas deportivas e de actividade ao aire libre na piscina de Soutogrande, nas pistas de Abade e no parque biosaudable que hai ao pé da casa consistorial. Estas propostas comezaron a primeiros de mes e durarán ata finais de agosto. Aínda teñen prazas dispoñibles. Recordamos cales son, os prezos e os horarios:

| Actividades | Idades | Lugar | Horarios | Prezo |
|---|---|---|---|---|
| Curso de tenis | ata 16 anos | Pistas de Abade | luns de 11 a 13 | 7€ un mes<br>13€ dous meses |
| Natación infantil | ata 16 anos | Piscina | mércores e venres de 12 a 13.00h. | 12€ un mes<br>22€ dous meses |
| Natación adultas | máis de 16 anos | Piscina | luns e xoves de 12 a 13.00h. | 15€ un mes<br>28€ dous meses |
| Actividade física ao aire libre | máis de 16 anos | Parque biosaudable do Concello | martes e xoves de 10 a 11.00h. | actividade gratuíta |

Para obter máis información ou formalizar a inscrición hai que chamar ao 981 404 006 entre as 8.00 e as 14.00h. de luns a venres, ou mandarlle un correo ao técnico deportivo, daniel.feijoo@moeche.gal. O formulario está no apartado "Programas municipais" da web www.moeche.gal e tamén hai copias impresas no propio Concello.

**PARA DESCUBRIRMOS A NOSA RIQUEZA XEOLÓXICA O CONCELLO ORGANIZA**

# 8 rutas por Mina Piquito e as canteiras de Toelo

Moeche é un dos sete concellos que, xunto coa Deputación da Coruña, están impulsando o denominado Proxecto do Xeoparque do Cabo Ortegal. Un xeoparque é unha figura avalada polo recoñecemento internacional da UNESCO que busca favorecer o desenvolvemento turístico e socioeconómico dunha zona que, coma a nosa, ten un alto valor xeolóxico.

Para a ciencia, o complexo do Cabo Ortegal é un lugar de referencia en canto ao estudo de como se formou a Terra e como se foi configurando a paisaxe ao longo de millóns de anos. En 630 Km² atopamos máis de medio cento de lugares de interese xeolóxico e 5 sitios de relevancia internacional por atoparse neles formacións únicas ou case imposibles de ver en ningún outro lugar do mundo.

Toda unha riqueza que estivo aí desde sempre e que agora se quere aproveitar como un atractivo que tire dun turismo de calidade vencellado, ademais, á cultura, o patrimonio e o desenvolvemento rural. Por iso, dentro das accións de preparación da candidatura do Cabo Ortegal para obter o distintivo de xeoparque, o Concello de Moeche organiza 8 xeorutas nas que descubrir, entre outras cousas, o porqué da existencia de cobre e toelo no noso territorio, así como o xeito en que se extraeron e empregaron estes materiais ao longo da historia.

**O primeiro itinerario** -o do toelo- percorreuse o pasado 8 de xullo, pero aínda quedan outros sete por desenvolverse. *Anotade:*

**Xeorutas por Mina Piquito** (máximo 10 persoas): 22 e 28 de xullo, 5, 18 e 26 de agosto e 1 de setembro

Esta visita guiada posibilita adentranse na derradeira mina subterránea de cobre que se pechou en Galicia, contra o ano 1969. Nesta antiga explotación mineira poderanse observar unhas excepcionais formacións de estalactitas e estalagmitas de cor azul, verde, branca, marrón e negra. Todo isto unido a que as rochas que constitúen esta mina estiveron no fondo do mar hai aproximadamente 400 millóns de anos, farán que esta xeoruta non deixe indiferente a ninguén. A visita vai dirixida a persoas maiores de 11 anos. - **Duración:** 2 h. - **Distancia:** 2 km. - Dificultade baixa. **Prezo:** 10€. Inclúe seguro.

**Xeoruta do Toelo+castelo de Moeche** (máximo 25 persoas): 15 de agosto

Coñeceremos de primeira man un dos materiais ornamentais máis exclusivos que temos en Galicia, as serpentinitas ou toelo. Estas rochas, cunha fermosa cor verde, foron obxecto de explotación dende o século XIX en numerosas canteiras do concello de Moeche. Algunhas destas explotacións e os produtos finais do seu traballo (cruceiros, linteis, hórreos, escaleiras, etc.) poderán visitarse e contemplarse nesta xeoruta. Para esta ruta non hai idade mínima.

**Duración:** 2,5 h. - **Distancia:** 3 km. Dificultade baixa. - **Prezo:** 6€. Inclúe seguro.

**As inscricións** en calquera das dúas das xeorutas poden facerse ata 24 horas antes de cada unha delas a través da web **https://rutasxeoloxicasdegalicia.blogspot.com**. Tamén é posible apuntarse chamando ao Concello -981 404 006- ou enviando un correo a correo@moeche.gal. Se non houbese prazas dispoñibles farase unha lista de agarda.

# Nova oficina de Turismo

En relación co coñecemento do noso territorio, cómpre salientar que Moeche contará por primeira vez cunha oficina de información turística gracias a unha axuda de 6.500€ da Deputación da Coruña. Este importe cobre o 100% dos custes de contratación dunha técnica especializada neste ámbito durante os 5 meses en que temos máis visitantes. O Concello publicou a finais do mes de maio as bases polas que se rexeu o proceso de selección, completado o pasado 21 de xuño.

Ata o momento o noso concello dispuña dunha profesional que atende o Castelo e o Centro de Interpretación da Revolta Irmandiña - financiada tamén desde o pasado ano pola Deputación da Coruña con 15.000,00€ - e a partir de agora contará cunha técnica que desenvolverá accións de dinamización turística máis aló da atención ao público, como por exemplo a preparación de contidos específicos para folletos ou para a web municipal ou a asistencia na planificación de rutas, nomeadamente as relacionadas co coñecemento xeolóxico do territorio ou aquelas que inclúan outros elementos patrimoniais e culturais.

A **Oficina de Turismo de Moeche** está situada na **Casa do Concello**. Abrirá en horario de mañá de **9.00 a 15.00h**. **de luns a venres**, mentres que os sábados a técnica atenderá **entre as 10.00 e as 14.00h. no Mercado de Moeche**.

---

Obras e Servizos

# Seguimos mellorando a rede viaria municipal

O Goberno municipal aprobou o procedemento aberto super-simplificado -un dos tipos que establece a nova Lei de contratos do sector público- para contratar a pavimentación de varías vías municipais. As obras teñen un orzamento de 51.369 euros, un importe que se financiará con cargo ao Plan de mellora de camiños municipais 2018-2019 da AGADER.

Na presente convocatoria deste plan, ao que ao Concello de Moeche correspondéronlle algo máis de 43.000 €, de maneira que a cantidade restante ata completar a licitación das obras financiarase con fondos municipais.

As vías que se incluiron neste Plan de mellora de camiños municipais son a que une os lugares da Abelleira coa Amosa nas parroquias de Labacengos e Santa Cruz. Tamén en Santa Cruz repararase a pista do Vilar, mentres que en San Xurxo se pavimentará o Camiño da Ferraría de Abaixo. As outras dúas vías incluídas no proxecto son o camiño que cruza o núcleo de San Xiao e a pista lateral de Entrambarrías, en Labacengos.

**Toda a documentación relativa aos procedementos de contratación están publicadas no Perfil de Contratante da web municipal, que vén sendo un repositorio de todos aqueles procedementos de contratación de carácter público que leva adiante o Concello.**

## REBACHEOS E MANTEMENTOS

Por outra banda, a Xunta de Goberno Local tamén aprobou na súa sesión do 4 de xullo a execución dun Plan de rebacheo para o mantemento en boas condicions de varias pistas e camiños, co fin de frear o seu deterioro. Son diferentes puntos do concello como a estrada de San Xiao á Igrexa, en Labacengos, a de Suomonte, a de Pontesur a Vigo, a pista da Ribeira, os accesos en Folgosa e Belecoi, etc., todos eles camiños que requiren un mantemento puntual ata se integraren nos novos proxectos de reparación integral. A adxudicacion realizarse mediante contrato menor baixo o criterio de mellor oferta económica e melloras, cun prezo de licitación duns 10.000 euros

Benestar social e Igualdade

# Apertura do prazo de solicitude para a quenda de agosto do campamento Sementeira

O programa "Sementeira" de conciliación familiar durante os meses de verán inciou o o luns 2 de xullo a súa primeira quenda cun total de 35 nenas e nenos inscritos. A alta demanda deste ano levou ao Concello a ampliar a oferta en cinco prazas, coa finalidade de darlle cabida ao maior número posible de rapaces e rapazas. Aínda así houbo peticións que quedaron fóra -dábaselle prioridade á orde de entrada das solicitudes e ao alumnado do CPI-, que formarán parte dunha lista de agarda por se se producise algunha baixa.

Para a segunda quenda, a do mes de agosto, abrirase un novo período de solicitude **a partir do 20 de xullo**. O tema principal do campamento vai ser a vida nas vilas e aldeas, descubrindo ao longo do mes lugares, oficios, festas e tradicións de toda Galicia que se xuntarán con outros contidos relacionados coa alimentación saudable, a igualdade e, folga dicilo, o desfrute de espazos coma o castelo ou a área recreativa de Soutogrande.

*Os prezos do programa son os seguintes:*

| Cotas para un mes | | |
|---|---|---|
| | de 9 a 14.00 horas | de 10 a 14.00 horas |
| 1º membro unidade familiar | 70€ | 60€ |
| 2º membro unidade familiar | 60€ | 50€ |
| 3º membro unidade familiar | 45€ | 45€ |



Para obter máis información pode consultarse o apartado de Programas Municipais da web www.moeche.gal ou chamar ao departamento de Benestar Social e Igualdade, 981 404 006 ext. 1. O programa Sementeira conta con financiamento da Deputación da Coruña.

Participación veciñal

# Dámoslles voz ás nosas nenas e nenos

Moeche aprobou o seu Plan local da infancia e adolescencia no Pleno ordinario do mes de xuño. Xa no mes de maio remitíuselle ao Comité Español de Unicef toda a documentación para fundamentar a candidatura ao Selo de Concello Amigo da Infancia. Un distintivo que acredita o compromiso municipal coa rapazada, integrándoa na toma de decisións e na participación na vida pública en igualdade de condicións que as persoas maiores.

Este documento recolle, entre outros moitos aspectos. as demandas e propostas presentadas nos diferentes plenos infantís que tiveron lugar nestes dous últimos anos no noso Concello.

O día 17 de xullo terá lugar a sesión constituínte do Consello Local da Infancia e Adolescencia de Moeche, formado por representantes das concellerías, dos grupos municipais , da ANPA, do CEIP San Ramón e, sobre todo, por nenas e nenos que se inscribiron e que achegarán a súa opinión e as súas propostas naqueles temas e actividades municipais que lles afecten como veciños e veciñas de hoxe e de mañá.

O documento pódese consultar no apartado de Participación infantil da web municipal **www.moeche.gal**.

## O CONCELLO CONTRATA CINCO PERSOAS CON CARÁCTER TEMPORAL DENTRO DE PROGRAMAS DA DEPUTACIÓN E DA XUNTA DE GALICIA

Moeche acolleuse a tres liñas de axuda para a contratación temporal de persoas que se encontren en situación de desemprego coa finalidade de reforzar a brigada de obras e servizos durante os próximos meses. Dúas destas liñas son o APROL Rural e a referida a persoas perceptoras da Renda de Integración Social de Galicia. A través delas o Servizo Público de Emprego efectúa o proceso de preselección dun peón para efectuar labores de limpeza viaria e outros pequenos traballos durante un período de 7 meses a media xornada, ademais dun especialista forestal durante 9 meses a tempo completo que se encargará de rozar maleza e segar distintos espazos públicos.

A terceira liña, encadrada dentro do Programa de Integración Laboral da Deputación da Coruña, suporá unha achega de 19.000 euros, cos que será posible contratar outras tres persoas máis: unha para facer traballos de peonaxe de obras, outra con coñecementos de servizos múltiples e unha terceira para traballar de maquinista-conductor.

**A documentación relativa aos procesos de contratación están publicada na web municipal**. No caso dos programas RISGA e APROL Rural solicitóuselle ao Servizo Público de Emprego de Galicia un listado de persoas aspirantes que se axustasen aos requisitos sociais marcados pola convocatoria da Xunta para, entre eles, levar a cabo unha selección valorando méritos e coñecementos. Para a contratación do programa PIL provincial está en marcha unha convocatoria pública por concurso-oposición que valorará a experiencia, a formación e a situación socioeconómica de cada aspirante, que deberá superar unha proba teórica relacionada co posto ao que opte. No momento de redactar este boletín aínda non se publicara o proceso no BOP, polo que cómpre prestarlle atención tanto a este diario oficial como á web www.moeche.gal.

# Charla sobre a nova normativa forestal e de prevención de incendios

A xestión forestal e, máis que nada, os cambios normativos no referido ás faixas de protección e ás comunicacións/autorizacións de corta, son temas que hoxe están en boca da maioría de nós. Sobre todo desde a vaga de lumes que azoutou o país o ano pasado. Neste sentido, a Xunta de Galicia anunciou que vai modificar o Plan forestal e, ademais, que vai exercer as súas competencias no sector con máis celo. De feito, o goberno galego aprobou nos últimos meses unha serie de textos legais que veñen modificar a normativa do sector así como todo o referido a distancias que se deben manter libres de maleza.

Para falar destas cuestións, o Concello organizou unha charla impartida por persoal técnico do Distrito forestal de Ferrol onde

se explicarán os cambios legais e se aclararán dúbidas sobre o seu alcance, nomeadamente sobre a responsabilidade da limpeza das parcelas próximas a vivendas, núcleos de poboación e infraestruturas.

Ademais tamén se comentarán os cambios en canto á tramitación das solicitudes e comunicacións de corta. Desde o pasado mes de abril as persoas xurídicas teñen a obriga de facer estas xestións por internet, mentres que os propietarios e propietarias particulares poden seguir pedindo as autorizacións en papel. Con todo, tarde ou cedo ha de ser obrigatorio facelo todo a través da rede e por iso esta charla tamén é interesante para calquera que teña monte e que queira saber por onde tende a tirar a Administración Autonómica.

**Data:** luns 16 de xullo - **Hora:** 18.00 a 19.00h., aproximadamente - **Lugar:** Centro sociocultural Francisco Piñeiro, Abade

---

Transparencia

# Adxudicación do bar da piscina municipal

O Concello licitou mediante un procedemento aberto o contrato menor para a xestión do servizo de bar e a atención das instalacións da piscina municipal durante a temporada de verán. A Mesa de Contratación analizou en acto público tres ofertas, valorando todos os requisitos estipulados nas bases da convocatoria.

Trala valoración, a Xunta de Goberno Local adxudicoulle provisionalmente o contrato ao licitador que acadou a máxima puntuación, 65 puntos. Porén, este adxudicatario finalmente renunciou e, en consecuencia, pasou ao seguinte con maior puntuación. Resultou ser Óscar Padín, quen obtivo 46,17 puntos e presentou unha oferta económica de 684€.

---

Axenda veciñal

# V Slalom Concello de Moeche

O sábado 14 de xullo o son dos motores e da velocidade volverá asolagar as rúas de San Ramón co gallo da quinta edición do Slalom Concello de Moeche. Trátase dunha das probas máis prestixiosas do calendario automobilístico galego e tamén unha das máis espectaculares. Coches e equipos de todo o país participarán nesta disciplina onde a habilidade para trazar e recuperar o máis rápido posible son claves para o éxito.

Á fronte da organización volve estar a Escudería Moeche, que cada ano dá máis mostras do seu bo facer para que todo saia á perfección e con total seguridade. O Concello colabora con esta entidade cunha achega de 2.500 € por medio dun convenio nominativo. Por outra banda, a área municipal de Servizos tamén se encarga de xestionar elementos necesarios como valados, locais, a presenza dunha motobomba, etc. Cómpre lembrar que o día do slalom estará cortado o tráfico nos arredores do Concello e tamén no recinto feiral.

Desde o departamento de Servizos quérese expresar tamén o agradecemento a Navantia -cede 250 valados de protección- e aos concellos de San Sadurniño, Neda e Valdoviño.

**Data:** sábado 14 de xullo - **Horario:** desde as 10.00h. ata as 22.00h. - **Lugar:** rúas de San Ramón e recinto feiral

**Organiza:** Escudería Moeche

## XANTAR DA A.VV VAL DE MOECHE

A veciñanza do Val de Moeche -e quen queira acompañala- ten unha cita o sábado 4 de agosto na área recreativa de Soutogrande. A entidade organiza alí un xantar popular a base de paella, bebida, sobremesa, café e chupiño. Todo por un prezo de 10€ para persoas socias, de 14€ para non socias e de balde para a rapazada menor de 12 anos.

A xornada contará coa animación musical da nosa veciña Marisol Novo.

**Data:** sábado 4 de agosto - **Hora:** a partir das 14.00h. - **Lugar:** área recreativa de Soutogrande

**Inscricións:** antes do 31 de xullo chamando ao 696 944 914

## OBRADOIROS NA A.VV. LABACENGOS

Obradoiros de pintura en tea e óleo, decoración de tellas e pintura, botellas con "plomo", patchwork, bordado, ganchillo, calceta, elaboración de canastillas, etc

**Datas:** a partir do mes de setembro todos os xoves - **Hora:** de 16.00 a 19.00 h. - **Prezo:** 25€ aprox.

**Información e inscrición:** no 606 729 038 _ *Prazas limitadas.*

# O Festival Irmandiño quenta motores

Nas últimas semanas fomos coñecendo aos poucos o fantástico programa que nos ten preparado a Asociación Cultural Irmandiños de Moeche para a 39ª edición do festival. Diluvi, Kepa Junkera+Sorginak, Os Viqueiras de Ordes, Tanxugueiras, No Cómbaro...conforman un cartel de luxo para tres días de festa na fin de semana do 18 de agosto, día no que rememoraremos o asalto Irmandiño do 1431.

Ademais das achegas propias da entidade co que xuntan a base de traballo e axudas, o Concello tamén colabora economicamente cun convenio por valor de 6.000€ e cofinanciando nun 25% as actuacións das Tanxugueiras e do grupo tradicional No Cómbaro, incluídos na Rede Cultural da Deputación da Coruña, que asume o 75% restante.

*Xa sabedes, se non nos vemos antes daquela...*
***LUMEEEEEEEEE!***

**Datas:** venres 17, sábado 18 e domingo 19 de agosto -

**Organiza:** Asociación Cultural Irmandiños de Moeche

**Colaboran:** Concello de Moeche e Deputación da Coruña

impreso en papel 100% reciclado